

ACORDO da Dirección Xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), polo que se inicia o procedemento para a redacción e aprobación do proxecto básico e dos pregos de condicións que rexan o procedemento de concorrncia, do polígono agroforestal de iniciativa pública de Barzamedelle, no Concello de Leiro (Ourense).

Procedemento: Redacción e aprobación do proxecto básico e dos pregos de condicións de polígonos agroforestais de iniciativa pública.
Expediente: PA-21-04.

ANTECEDENTES.

1. Por acordo do 09 de maio de 2022 da Presidencia da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), CVE ofllbs9avrt8 , iniciouse o procedemento de aprobación para o desenvolvemento do polígono agroforestal de iniciativa pública de Barzamedelle, no Concello de Leiro (Ourense) (DOG núm. 130, do 08 de xullo de 2022).
2. Polos servizos técnicos da Agader elaborouse o estudo de viabilidade, CVE F3ZsMkalB4l7, XHAAcylVEq9, gQ62U1BBIEa5 previsto no artigo 84 da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, que resulta favorable a que se leve a cabo o desenvolvemento do polígono agroforestal e á declaración de utilidade pública e interese social do mesmo prevista no artigo 85 do mesmo corpo legal.
3. Por acordo do 20 de agosto de 2022 da Dirección Xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), CVE INUbYqVvbBd8, aprobouse o citado estudo de viabilidade.
4. Polo decreto 179/2022, do 22 de setembro, declarouse de utilidade pública e interese social o dito polígono agroforestal (DOG núm. 210, do 4 de novembro de 2022).

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS.

1. De conformidade co disposto no artigo 86.1 da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, unha vez declarada a utilidade pública e interese social do proxecto, a persoa titular da dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural acordará o inicio dos trámites precisos para a redacción do proxecto básico de polígono agroforestal, que incluírá os contidos que no dito artigo se enumeran e que será elaborado pola Axencia de conformidade co seu artigo 86.2.
2. De conformidade co disposto no artigo 94.3 da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, o procedemento rematará, de selo caso, coa aprobación do proxecto básico do polígono agroforestal e dos pregos de condicións que rexan o procedemento de concorrncia e a súa apertura.





3. Este procedemento réxese polo disposto pola Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia; o Acordo da Comisión Bilateral de Cooperación Administración Xeral do Estado-Comunidade Autónoma de Galicia, en relación coa Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, publicado por Resolución do 1 de febreiro de 2022, da Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias (DOG Núm. 36, do 22 de febreiro); a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público; a Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e demais disposicións normativas de aplicación.

4. Os orixinais e as copias electrónicas dos documentos que se sinalen con código de verificación electrónica (CVE) pódense verificar e descargar de xeito electrónico en <https://sede.xunta.gal/cve>.

5. Aos efectos do establecido no artigo 21.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, por tratarse dun procedemento iniciado de oficio pola Agader, o prazo máximo para a resolución do procedemento e para a notificación dos actos que lle poñan termo é de dous anos, a contar desde o día seguinte do acordo de inicio, de conformidade coa disposición adicional segunda da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia. Se transcorre o prazo sinalado sen que se teña ditado e notificado a resolución correspondente, o procedemento caducará, e acordarase o arquivamento das actuacións, de conformidade co artigo 25.1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

6. Competencia.

O artigo 8.3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público dispón que "Se algunha disposición atribúe a competencia a unha Administración, sen especificar o órgano que debe exercela, entenderase que a facultade de instruír e resolver os expedientes corresponde aos órganos inferiores competentes por razón da materia e do territorio. Se existise máis dun órgano inferior competente por razón de materia e territorio, a facultade para instruír e resolver os expedientes corresponderá ao superior xerárquico común destes".

Similares termos se establecen no artigo 5.4 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

O órgano competente para a aprobación do polígono agroforestal é a persoa que exerza a presidencia da Agader, de conformidade co artigo 96.1 da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, e polo tanto, tamén para acordar o seu inicio.

O órgano competente para a declaración de utilidade pública e interese social do polígono agroforestal é o Consello da Xunta de Galicia, de acordo co artigo 85.1 da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.





O órgano competente para a aprobación do proxecto básico do polígono agroforestal e dos pregos de condicións que rexan o procedemento de concorrancia e a súa apertura é a persoa que exerza a presidencia da Agader, de conformidade co artigo 94.3 da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.

Finalmente, o órgano competente para acordar o inicio dos trámites precisos para a redacción do proxecto básico e dos pregos de condicións que rexan o procedemento de concorrancia do polígono agroforestal é a persoa titular da dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, de conformidade co artigo 86.1 da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.

Por todo o exposto, INFORMO a seguinte proposta de acordo:

Iniciar o procedemento para a redacción do proxecto básico e dos pregos de condicións que rexan o procedemento de concorrancia do polígono agroforestal de iniciativa pública de Barzamedelle, no Concello de Leiro (Ourense), dando curso ás previsións contidas nos artigos 87 a 93 da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.

Santiago de Compostela, data da sinatura electrónica
O subdirector de Mobilidade de Terras
Alfredo Fernández Ríos

ACORDO, conforme coa proposta.
Santiago de Compostela, data da sinatura electrónica
A directora xeral
Inés Santé Riveira

